



R celebra Black Friday todos os días ata o 30 de novembro coa mellor oferta do mercado en móbil, con aforros de ata o 30 % e gigas ilimitados de agasallo durante 6 meses

- ***R ofrecerá terminais cun aforro de entre un 10 % e un 30 % sobre o prezo de mercado.***
- ***Os/as clientes/as de R gozarán de descontos inigualables en smartphones.***
- ***A campaña estará aberta todos os días ata o 30 de novembro.***
- ***Os/as novos/as clientes/as que contraten os servizos de telecomunicacións máis demandados: Internet 500 megas, 2 liñas de móbil con gigas ilimitados, TV Total con deco 4K e fixo con chamadas terán unha oferta insuperable: só 9 euros ao mes durante 3 meses.***

Venres, 6 de novembro de 2020.- R inaugurou o *Black Friday* esta semana, e vaino celebrar durante todo o mes de novembro. Estrear móbil e ter gigas ilimitados de agasallo durante seis meses é unha das propostas que lanza o operador de telecomunicacións non só durante unha fin de semana, senón todos os días ata o 30 de novembro.

Cun considerable aforro, entre un 10 % e un 30 % sobre as mellores ofertas existentes no mercado, os/as clientes/as de R poden comprar *smartphones* a prezos insuperables e gozan ademais de gigas ilimitados gratis durante 6 meses.

Tecnoloxía e lecer no fogar

Xunto aos prezos inigualables nos *smartphones*, **R** pensou en facilitar as compras de Nadal con outros modelos de móbiles para estreir a última tecnoloxía en exclusiva, como o novo buque insignia de Oppo, o Reno 4, que vén cuns auriculares sen fíos de agasallo, valorados en 99 €. Mais non é o único que trae *wearables* de agasallo, xa que o Samsung Galaxy S20 Fan Edition vén cunha Band Fit 2. E tamén están presentes na oferta de *Black Friday* de **R** o iPhone 12 e o iPhone 12 Pro.

Nestes momentos en que os clientes pasan máis tempo na casa, **R** deseñou propostas dirixidas a gozar do lecer no fogar estreando televisores a prezos un 12 % máis económicos que no mercado. O Smart TV LG LED FHD de 32" ou 45", ou a nova Tablet de Samsung A7 LTE por 0 € contratando un bono de datos de 20 GB extra. Ademais, o *outlet* da web de **R** incluírá outras propostas de lecer como a Nintendo New 2DS XL, un Google Home ou uns Samsung Galaxy Buds+.

“Escoitamos o que os/as nosos/as clientes/as nos piden: prezos inigualables para estreir móbil, gigas ilimitados de agasallo durante 6 meses, máis lecer na casa. Con esta proposta respondemos ás súas necesidades e axudámoslles nas súas decisións para poder adiantar as súas compras de Nadal”, explica Alfredo Ramos, Director Comercia Masivo de **R**.

Para novos clientes

O *Black Friday* trae ademais unha promoción exclusiva para os novos clientes que contraten os servizos de telecomunicacións máis demandados: Internet 500 megas, 2 liñas de móbil con gigas ilimitados, TV Total con deco 4K e fixo con chamadas terán unha oferta insuperable: só 9 euros ao mes durante 3 meses, rebaxando aínda máis a oferta rompedora que lanzou o operador o pasado mes de setembro por 19 euros ao mes durante os tres primeiros meses.

Vantaxes

O *Black Friday* baséase en ofertas e descontos nos produtos e servizos das compañías e sempre se celebra o último venres do mes de novembro, este ano o 27 de novembro. Mais **R** ampliou as datas e vaino celebrar durante todos os días ata o 30 de novembro, para lles facilitar aos seus clientes a elección dos produtos que mellor se adapten ás súas necesidades de comunicación e de lecer.

“Este ano, o Black Friday desenvolverase baixo as medidas extraordinarias impostas pola pandemia. As compras do Nadal non seguirán os prazos doutros anos e a demanda dos clientes será impredecible. Por iso, decidimos adiantar as datas e permitir a toma de decisións graduada, sen présas” asegura Alfredo Ramos.

Pola excepcionalidade da época que vivimos, “queremos que os/as nosos/as clientes/as teñan vantaxes, ademais de nos prezos inigualables e nas ofertas exclusivas, tamén nas condicións que facilitamos, como as entregas no domicilio sen gastos de envío, o pagamento incluído na mesma factura mensual de telefonía, a axuda á configuración gratuíta, ou servizos adicionais como o seguro de móbil e de pantalla”, detalla Ramos, quen destaca, ademais, a importancia de contar cun provedor de telecomunicacións próximo como **R**, que coñece as necesidades dos/as seus/súas clientes/as e é quen de adaptar os seus produtos a cada momento.

comunicación R
prensa@mundo-r.net
R.gal